

Regras xerais de acentuación

As regras xerais de acentuación indican, de maneira clara e precisa, que palabras teñen que levar acento gráfico na sílaba tónica.

Palabras	LEVAN acento gráfico as rematadas en...	NON levan acento gráfico as rematadas en...
Agudas	• vogal: mazá, bisté, esquí, avó, xampú • vogal + <i>n</i>: irmán, alguén, traizón • vogal + <i>s</i>: mañás, cempés, autobús • vogal + <i>ns</i>: veráns, xardíns, roxóns	• ditongos <i>ai, au, ei, eu, oi, ou, iu, ui</i>: bacallau, amañel, chapeu, bocoí, calou, fuxiu • eses ditongos + <i>s</i>: quizais, despois, azuis • consoante distinta de <i>n</i> ou de <i>s</i>: falar, anel, robot
Graves	• consoante distinta de <i>n</i> ou de <i>s</i>: móbil, álbum, cáliz, tórax, líder • dúas ou tres consoantes, distintas de <i>ns</i>: álbums, cómics, sándwichs, bíceps, récords, cámping	• vogal: almofada, alcume, taxi, estoxo • vogal + <i>n</i>: slogan, dolmen, mitin, colon • vogal + <i>s</i>: choromicas, lentes, xoves, virus • vogal + <i>ns</i>: slogans, dolmens, mitins
Esdrúxulas	calquera letra, pois lévano todas: lámpada, dúbida, árbore, prognóstico, hipopótamo	

As palabras monosílabas non levan acento gráfico, agás unhas 30 ás que hai que poñerlles acento diacrítico: cá (*ca + a*), é (verbo *ser*), póla (rama).